



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

29 de abril de 2009

Nº 5/09

## METEOROLOXÍA

Durante esta semana continuará a mesma situación atmosférica inestable. Deste xeito, agárdanse ceos cada vez máis anubrados, con precipitacións moi febles na fachada atlántica. Os ventos soprarán do sudoeste, moderados na costa e entre frouxos e moderados no resto.

Cara ó fin de semana, irase recuperando a influencia anticiclónica. Deste xeito, a probabilidade de chuvia irá en diminución. As temperaturas experimentarán un progresivo ascenso.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio**

**F** (acios visibles) - **G** (acios separados)

Debido á baixada de temperaturas que se deron nas últimas semanas, o adianto vexetativo do viñedo que levabamos na campaña igualouse co da campaña pasada a esta mesma altura do ano.

A vexetación segue presentando un aspecto clorótico transitorio debido as baixas temperaturas e precipitacións acaecidas que inmovilizan o nitróxeno.

#### **Coidados culturais**

Durante os últimos días o manterse as precipitacións na meirande parte dos días non se poido realizar o control das herbas. Nos próximos días ante a previsión da mellora atmosférica deberase reanudar o control das mesmas.





### **Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

#### **Mildeu (*Plasmopara viticola*)**

**O pasado día 22 produciuse a 1ª mancha de aceite nos viñedos de Rías Baixas** (fonte Estación Fitopatolóxica do Areeiro), polo tanto hai que comezar o control da enfermidade no que queda de campaña en función das condicións atmosféricas que se vaian producindo.

#### **Excoriose (*Phomopsis viticola* Sacc)**

**As últimas precipitacións acontecidas** seguen sendo propicias para a instalación do fungo no viñado.

#### **Carcois**

Co mantemento da humidade ambiental os gasterópodos continúan súa actividade alimenticia, polo que os danos nos viñedos, sobre todo xoves seguen a observarse.

### **Recomendacións**

Os viñedos tratados con algunha das materias activas recomendadas no anterior boletín para a excoriose, non deberán tratar o Mildeu ata a próxima semana, xa que trátase de materias activas compatibles coa prevención desta enfermidade. No caso contrario, deberase realizar a primeira intervención tan pronto como a ausencia de precipitacións permita realizalo.

**Neste momento, para o control do Mildeu, recoméndase tratar con un fitosanitario de tipo sistémico** mesturado con algunha das materias activas de contacto preventivas da excoriose (folpet, mancoceb ou metiram).

VER ANEXO I: TIPOS E CARACTERÍSTICAS DOS FORMULADOS PARA O CONTROL DE MILDEU E ESTRATEXIA XERAL NO SEU CONTROL.





## HORTA

### Estados medios dos cultivos máis importantes

- Invernadoiro	Tomates e pementos Xudías	crecemento e floración crecemento e floración
- Aire libre	Patacas Patacas Leituga Repolos Cebola	sementeira (c. medio) crecemento (c. temperán) transplante e primeiras recoleccións transplante crecemento

### Incidencias



#### **Mildeu** (*Phytophthora infestans*)

No cultivo de pataca obsérvanse os primeiros síntomas da enfermidade. Foto adxunta.

#### **Botrite** (*Botrytis cinerea*)

A humidade ambiental dos últimos días está provocando os primeiros danos nos cultivos hortícolas baixo abrigo, especialmente en tomate.

#### **Trips** (*Frankliniella occidentalis*)

No cultivo de pemento en invernadeiro comezan a observarse as primeiras poboacións de trips (tamén vector da virose TSWV- Virus do Bronceado).



Planta de pemento con síntomas da virose TSWV

#### **Virus do Bronceado- TSWV**

Comezan a detectarse os primeiros síntomas da virose no cultivo de pemento.



**segue HORTA**

**Recomendacións**


Nos cultivos hortícolas sensibles ó **Mildeu** (Pataca, Cebola, Tomate e Leitugas) deberase manter o control fitosanitario da enfermidade, preferiblemente con preparados de tipo sistémico, penetrante ou cuticulares. Aínda que as condicións de infección son óptimas, as baixas temperaturas medias que se están rexistrando ralentizan o período de incubación do fungo, polo que o tratamento recomendado deberase renovar con unha carencia de 16-20 días dende o anterior.

Nos cultivos máis sensibles a **Botrite e Sclerotinia** (Tomate e Leituga) deberase aplicar un tratamento antibotrítico, xa que persisten as condicións óptimas para o seu desenvolvemento.

As explotacións de Pemento en invernadeiro con presenza de trips e que aínda non realizaron as soltas de control biolóxico da praga, deberán programalas e solicitar o ácaro depredador *Amblyseius swirskii* (nifas e adultos en salvado) con acción sobre larvas xoves de trips (tamén de Mosca branca), consultando ó Servicio Técnico do provedor de fauna auxiliar o axuste da dose e frecuencia a instalar na explotación, (normalmente entre 25-75 ácaros/m<sup>2</sup>). Aplícanse en pequenos montóns ou bolsas sobre as plantas e distribúense regularmente en aproximadamente 200 plantas cada 1.000 m<sup>2</sup> de cultivo. Nas explotacións nas que xa se realizaron ditas soltas (aproximadamente hai 2-3 semanas), é o momento de aplicar o chinche depredador *Orius sp* con acción sobre os adultos da praga.

As plantas con síntomas de TSWV, deberanse arrincar e eliminar, así como exercer o control do vector da virose *Frankliniella occidentalis* mediante organismos biolóxicos ou fitosanitarios autorizados para o cultivo.

Nos cultivos de **Tomate** nos que aínda non se colocaron as **colmeas de polinización**, aínda poden facelo nestas datas, seguindo as indicacións e recomendacións do anterior boletín, así como as do Servicio Técnico do siministrador dos abellóns *Bombus terrestris*.





## ANEXO I TIPOS E CARACTERÍSTICAS DOS FORMULADOS PARA O CONTROL DO MILDEU E ESTRATEXIA XERAL DO SEU CONTROL.

Tipos e carecterísticas dos produtos antimildeu	SISTÉMICOS	PENETRANTES	CUTICULARES	CONTACTO
Penetración na planta	Sí	Sí	Non	Non
Movemento dentro da planta	Sí	Non	Non	Non
Protección dos órganos logo do tratamento	Sí	Non	Non	Non
Lavado por choiva	Non son lavados se ó menos transcorre 1 hora tras o tratamento.			Con precipitac. > 10 mm
Persistencia	12 días	10 días	10 días	7 días
Acción preventiva da infección das esporas	Sí	Sí	Sí	Sí
Acción de parada post-ifección (Stop)	2-3 días	2 días	Ciazofamida, 2 días.	Non
A. erradicante dos órganos contaminantes (secan as manchas)	Sí, excepto fosestil-al	Non	Non	Non
Acción antiesporulante (impidíndoa)	Sí	Sí	Ciozofamida	Non
Risco de resistencia	Sí	Sí	Non, polo momento.	Non
Xeralmente, período máis aconsellable de súa utilización	Ata uva tamaño chícharo	Uva tamaño chícharo ata o envero.		Dende o envero ata antes da recolección.
Materias activas que forman parte dos preparados fitosanitarios	Benalaxil	Azoxistrobin	Ciazofamida	Folpet
	Fosestil-al	Cimoxanilo	Famoxadona	Cobres
	Iprovalicarb	Dimetomorf	Zoxamida	Mancoceb
	Metalaxil M	Piraclostrobin		Maneb
				Metiram

### Estratexia xeral no control do Mildeu

Este fungo endémico nos viñedos galegos, e particularmente en Rías Baixas, normalmente precisa entre 7 a 12 tratamentos por campaña para o seu control, en función da climatoloxía que se presente. É debido á súa agresividade en condicións óptimas de desenvolvemento que pode causar unha perda importante de colleita. Se a isto engadimos os fenómenos de resistencia da enfermidade ós fitosanitarios, é moi imprescindible deseñar unha estratexia precisa de control do mesmo.

En xeral os fitosanitarios (calquera tipo deles) funcionan moito mellor cando se empregan de forma preventiva, é dicir, antes da choiva ou tormenta contaminante (1-2 días antes). Doutra forma, se se producise a precipitación sen a protección fitosanitaria oportuna, habería que realizar o tratamento tamén no menor tempo posible (1-2 días) con preparados de tipo sistémico, penetrante ou con Ciozamida para deter a evolución (infección e incubación) do fungo.

A persistencia dos produtos antimildeu é un factor ou característica que se confunde coa estratexia de control. No sentido estrito do seu significado e efectos a persistencia de acción equivale ós días que, logo do tratamento, o fitosanitario exerce algún tipo de control ou acción protectora contra o parásito no vexetal. Vai



diminuíndo porcentualmente co tempo, de feito que a partir do 2º-3º día do tratamento o porcentaxe de control sobre o Mildiu ou eficacia estímase que vai diminuíndo a razón dun 8-14% por día transcorrido.

Cando hai que realizar tratamentos fitosanitarios en días inestables é preferible empregar os preparados que nunha hora están absorbidos polas plantas (sistémicos e penetrantes) ou que queden retidos na folla (os cuticulares).

Para evitar resistencias é moi importante non aplicar máis de tres tratamentos da mesma materia activa por campaña.

### Esquema do ciclo biolóxico do mildeu e modos de control

